

166

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



Decálogo do Nacionalismo Galego

- | | |
|---|--|
| I
Autonomía de Galicia. | VI
Sustantividade do dereito fo-
ral galego. |
| II
Autonomía municipal. | VII
A terra para os que a traba-
llen, e libre de gravames. |
| III
Co-oficialidade dos idiomas
galego e castelan. | VIII
Repoboación forestal forzosa. |
| IV
Igualdade de dereitos civís e
políticos para a muller e para o
home. | IX
Entrega á propiedade parti-
cular das terras incultas do Es-
tado. |
| V
Representación proporcional
e non elixibilidade dos que non
rindan función útil para a colec-
tividade. | X
Libre cambio. |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza Maria Pita. 17. baixas. A CRUÑA

Ford

EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

NOVOS PRECIOS

Bordo Cádiz con dereitos xa pagados debido á nacionalización da fabricación

	<u>Pesetas</u>
Turismo , 5 pasaxeiros, aberto, sin arranque.	4.165
Turismo , 5 pasaxeiros, aberto, con arranque.	4.490
Chassis Camión , con rodas desmontables (Neumáticos ou macizos atrás)	3.910
Chassis Camión , rodas desmontables e arranque.	4.230
Sedan , 5 pasaxeiros, pecho, rodas desmontables e arranque.	6.990
Coupe , 2 pasaxeiros, pecho, rodas desmontables e arranque	6.025
Chassis , de turismo, sin arranque	3.035
Chassis , de turismo, con arranque.	3.360
Voiturette , 2 pasaxeiros, aberto, sin arranque.	3.960
Voiturette , 2 pasaxeiros, aberto, con arranque	4.300
Tractor	4.260

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Payo Gómez, 5 A Cruña **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 166 — 1.º JULIO 1922

Cousas de nenos?



—O que sinto eu é que algún que maltratou á miña nai morra de-
nantes de que eu sexa home...

Política e flamenquismo

Marzal, o mes dos curiscos telledores, morre. Ja a raiola lépida do sol espারেje as névoas e leva a quentura ás almas e corpos atecidos po'a invernia, que se vai. E Abril, o florecido, preparase para facere a sua entrada ridente e trunfal.

E ista unha hora d'espectación para as almas cursidoras. Cando un ano se fina e outro comeza, sempre preguntamos: qué traxerá o novo ano? E agora que morre o Inverno e chega a Primavera, e hai na vida unha renovación, por qué non hemoz preguntare tamén a estación das roseiras en flor ¿ que nos traxerá?

Ja está aberto o Congreso hespañol. Con iste feito transcendente coincide a apertura das prazas de touros.

Os tanques guerreiros fixeno a sua aparición n'as hirtas terras marroquís na mesma hora en qu'o Senado abría as suas portas aos vellos tanques retóricos da política hespañola.

Os "ases" do toureo, os "ases" da política e os "ases" da guerra ja están no "ruedo."

E il que nos traxerá a primavera?

As duas válvulas d'expansión da alma colectiva ibérica son os touros e o caciquismo; e a suprema actividade d'istas manifestacións da sua vida é o escandal-o, que ten un nome tirado do language "chulapo" e "flamenquista"; "hule".

Haberá, pois, como d'adoito, "hule" no Congreso, "hule" ras prazas de touros e "hule" en Marrocos.

A vida hespañola non se renova, non se quere renovar. O vello carballo hespañol ten a cerna apodrecida e o sámage asfarelándose.

E' unha vella cañota que ja non sinte correr polas suas veas mirradas a savia primaveiral da vida.

Por derriba de todas as angustias nacionás van-se a erguer o balbordo toureiro, os chilidos histéricos das cupletistas e a verba choeca dos palasos da política.

Mais nunca na Hespaña se deu o cómico sin-o trágico, e ao pe da comedia toureira e política, abre-se o cavouco africano onde a inconscencia do pobo permite l'emborquen o que mais percisa: a vida da sua mocidade e os millós de pesos arrincados da sua pobreza: ríos de sangue e d'ouro c'os que moitos imbéciles cren ainda que se poden escribiren as páginas de gloria d'unha patria.

Son Quixote ácha-se malpocado tan esmorecido que ja non e mais qu'unha sombra tristeira do que foi: deixou morrer de fame o seu grorioso Rocinante, e empeñóu adarga e lanza; agora maneja as castañas e baila o garrotín; fixo-lle traizón a Dulcinea, anda envolto entre cupletistas e crupiers e tén non sei cantos fillos d'achego: de cabaleiro trocouse en go'fo.

Emporiso don Quixote tén unha virtude: non cre que "o porvir da Hespaña está en Africa" nin siquera que o abandono das costas rifeñas seja un perigo para a integridade territorial, como sosteñen políticos, toureiros e cupletistas que son hoje os tres pes fundamentais da opinión hespañola.

Para Don Quixote a manida frase histórica non tén mais valoré qu'o d'unha humorada sanguenta.

Don Quixote non foi por esta razón a Africa nin irá, porque ja ten mercado o abono para todas as corridas de touros do ano, e o primeiro é o primeiro. O espiritu que move os tanques non é o seu: é o de Sancho Panza.

Hai duas vidas. A vida regida polas leis sagradas da Mai-Natureza, a vida de sempre, flor de todo o ano, escrita no corazón dos povos pol-a mao xurdia de Deus; e a vida oficial imposta pol-os homes, a vida política, trapalleira e nojenta, que s'abre encol dos povos envilecidos, como unha pouta monstruosa de ladroizo e morte.

A podre cañota hespañola, lañada e desfeita, non sentirá rubila savia renovadora ao pulo ollecente da mornenza primaveiral, porque a sua vida é un artificio tecido ca tea da immoralidade e da maldá.

Ao seu pe nutrindose das más cinzas, amostranse os amarelos chaparros da política, da tauromaquia e do militarismo.

Victoriano TAIBO.

Compostela, no 1922.

Comentarios sobre a visita de El Rey ás Hurdes

Sua Maxestade el Rey fixo unha excursión pol-as Hurdes e pol-as Batuecas.

Xurde no meu pensamento, ao lér este nome, o de aquel gran periodista que fixo popular o pseudónimo de Figaro, traime á lembranza tamén as famosas cartas escritas dende o inculto país pol-o finxido Batueco, que a pesar dos oitenta anos trascurridos son aínda de actualidade.

Mais, outros comentarios queremos facer ao viaxe real.

Paréenos que ao ver tanta miseria, material e moral, monarca debeu cavilar na inutilidade dos seus Gobiernos que, nos tempos presentes que para o mundo enteiro son de progreso, teñen aínda case ifloradas, e de feito abandonadas por completo, esas rexións do territorio Hispano en que a vida é tan difícil.

E non é sómente nas provincias de Salamanca e Cáceres onde existen eses pobos en estado coase primitivo, isolados da civilización e sometidos a unha vida miserable nas suas terras ermas e pedregullentas; outras rexións hai en que o abandono, o desconocimento, a inutilidade dos Gobiernos centra-

listas, que non conocen mais Hespaña que Madri e tal cual rexión que sabe recreamar con enerxía aquilo que precisa para a sua vida e desenvolvemento, fai que, senón no mesmo ambiente doentío e ruín das Hurdes, por ser as terras mais víxosas, por falta de camiños de ferro e de estradas vense irposibilitadas de tirar á riqueza do país todo o proveito que poderan, perxudicando así non só a sua propia vida, senon ás dos pobos que utilizarían os seus produtos.

Ben é verdá que xa de vello, e sen trazas de enmenda, os Gobiernos de Hespaña non se preocupan para nada da vida xeneral do Estado que rixen (?); abóndalles con esixir tributos e mais tributos, a cada paso mais, e o pobo, o bon, o manso pobo hespañol, (que non só é manso o galego) paga... e aínda regala, cando e preciso, ben un barco, ou media dúcia de aeroplanos; ou uns centos de mantas... cando debía obrigá-lo ao Goberno a que tivera todos os servicios do Estado debidamente atendidos, para evitar que o Don Quixote sexa de cote un símbolo da Hespaña, e que os hespañoles, como él, saquemos adoito dórosos magullamentos en todas cantas aventuras nos metemos.

Visite el Rey os seus estados, atravesese charnecas, vexa "e preto a ruín vida que viven moitos dos seus súditos, e pense despois se non será mellor para a independencia da Hespaña e para o seu progreso o adicar no propio territorio os homes e os millós que se veñen despilfarrando en Africa, vidas e ouro que manterían mais positivamente a sua realza.

Leandro CARRE.

COTELADAS

A "Real Academia Gallega" tivo o grande acordo de dirixir un telegrama de felicitación ao ilustra doctor lusitano don Teófilo Braga, con motivo de celebrare éste as suas bodas de ouro co profesorado.

Si o señor Braga non votóu unha gargallada ao recibilo, fagámol-o nós por él.

O tal telegramiña, meus amigos, iba redactado: ¡en castelán!...

En Ourense hai unha sociedade aristocrática chamada "Los frescos", adicada a celebrar enchentas.

Xa que acertaron en lle poñél-o nome en castelán, ¡qué bón porveito lles faga, recontra!

Cáxame realmente asómo o pensare na forza de vountade que terán de facer algúns nosos paisanos, para ware sompreir: de palla sin comél-o.

No Madri teñen mentes de adicar un gran homenaxe ao galego desconecido. A idea xurdéu de uns cantos enxebres.

¡Ai daño! ¡E agás mal contada media dúcia de galegos verdadeiros, hai algúns mais na nosa terra que sean conecidos?

Un xornal ourensano fala de que se vai a formare un Sindicato de xornalistas galegos "libres."

Levarán este nome pol-a razón de que as Empresas xornalistas non os chaman galegos "libres."

As xentas non comprenden como sendo "libres" se queren sindicare.

A cousa está ben crara: ¡Queren ser "ceibes"!

Pepe COTELOS.

O nacionalismo na Hespaña

Con unha forza asomballante, enorme, imposible xa de contar, o ideal nacionalista vaise extendendo en todos os pobos da península. Xa non é soio en Cataluña, e nas Vascongadas onde o nacionalismo está latexante e vivente. E en toda a, nacionalidades que hoxe forman o vello e apodrecido Estado hespañol.

En Valencia ven camiño do trunfo. En cuase todos os pobos valencíais hai xa entidades nacionalistas que d'un xeito forte veñen espallando o santo ideal. Nos comezos de Xulio terase de facer unha gran asamblea en Bechl. En Aragón e Andalucía tamén o nacionalismo tén moitos e moi bós defensores. Incluso en Castela. En Valladolid hai xa unha mocidade nacionalista que está comezando a actuar.

En Baskonia, o nacionalismo sigue o seu camiño cada vez máis firme.

En Cataluña estanse preparando grandes acontecementos. No mes de Xulio faranse varios actos de afirmación nacionalista. Parece que os catalás teñen pensado dar o derradeiro golpe decadados xa de que o ideal da liberdade da súa terra non pode atopar solución dentro do réxime centralista, absurdo do Estado hespañol. Agardamos con verdadeira impaciencia os actos que os catalás preparan.

En Galicia ben se ve que o nacionalismo vai cada día avanzando. As filas nacionalistas van engrosando d'unha maneira formidable. A cotío veñen a nós moitos rapaces alumeados polo sagro ideal da redención da Terra. O que comenzo d'unha maneira titubeante, indecisa, é hoxe unha realidade viva, unha forza arrolladora que xa ninguén poderá deter. Aparte publicamos unha reseña da labor nacionalista feita no ano actual.

Como se ve, en todos os pobos da Hespaña o nacionalismo tén raíces firmes e fondas.

E ridículo falar, como o fan moitos, de salvar a Hespaña sin ter en conta esta forza. A Hespaña actual, centralista non tén salvación por moitos Quixotes que a queiran salvar. Soio nós, os nacionalistas, única realidade viva que hai hoxe na Hespaña facemos a gran Iberia onde todos os pobos peninsulares vivirán irmanados e unidos pol-os máis grandes amores. El farémol-a enriba da Hespaña de hoxe, vella, apodrecida e ridícula.

Aos irmáns dos diferentes pobos que como nos teñen o mesmo ideal desexámoslles moito entusiasmo na loita e saudámosl-os con este berro:

¡Viva a Gran Confederación ibérica!

Gramática do Idioma Galego

Por M. Lugris Freire, académico de número da "Real Academia Gallega"

Este novo libro contén un estudo sintético e integral do noso idioma; e na fonética e morfoloxía resolve todas as dúbidas en col do emprego das voces. A Sintáxis é completa e clara, fixando regras seguras para o bon orde das palabras na oración.

Leva como aditamentos os nomes de persoas, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa dos principás castellanismos, mostras literarias escolleitas e un vocabulario galego-castelán.

Véndese a 3'50 pesetas o exemprar na librería e imprenta de "Zincke Hermanos", Cantón Grande, 21 - A Cruña.

Balace galeguista do semestre

O ano actual é con certeza no que máis labor galeguista tense feito. Nos seis meses que van pasados fíxose unha enorme labor e téñense publicados máis libros galegos que en moitos anos atrás. Damós a continuación, por coitado interesante, un extracto do moito que se fixo e dos libros publicados no mes de Xaneiro: Publicouse "Vento Mareiro", de Cabanillas; "Abrente", de Victoriano Taibo, e "Doctrina Nacionalista", de Ramón Villar Ponte.

Febreiro: Faise en Monforte a IV asemblea nacionalista e con este motivo celébranse varios actos de propaxanda. Publicouse "Mal de moitos" e "Trato a cegas", de Charlón e Hermida, e "Alén", de Xaime Quintanilla.

Marzal: A Irmandade da Cruña fai o homenaxe público á lembranza de Pondal, Curros e Chané, que como xa temos dito foi un homenaxe como se non recorda. Tomou parte nel toda a Cruña. No cemiterio falan varios ouradores en galego entre eles e por primeira vez o sabio catedrático da Universidade compostelana, don Armando Cotarelo Valledor.

O mesmo día e no banquete con que foron agasallados os catedráticos falan novamente o noso idioma o señor Cotarelo e o noso irmán Peña Novo.

Celébrase unha xuntanza das Diputacións galegas para tratar da cuestión do maízo na que intervén Peña Novo facendoo en galego e na que falou da necesidade de crear a Mancomunidade Galega.

Comenza a se publicar no Ferrol a noveliña mensual "Céltiga" da que van saídos catro números.

Maio: Estrénase en Santiago e máis tarde na Cruña a comedia en tres actos "Trebón" do señor Cotarelo Valledor, murgabada pol-a crítica e que ven a enriquecer e avalorar o noso teatro. No día do estreno en Santiago falou en galego o decano da Facultade de Dereito e entusiasta galeguista señor Cabeza de León.

Publicouse "Trebón" e a "Gramática do idioma galego" de Lugris Freire, que tanta falla estaba facendo.

En Madrid o poeta da raza Ramón Cabanillas fai o número programa de "As Roladas", boletín para os nenos galegos, obra interesantísima e de gran necesidade.

Comenza a se publicar en Pontevedra a noveliña mensual "Alborada", da que van saídos dous números.

Ademais de todo isto, durante os seis meses pasados déronse en varios pobos da terra moitas veladas teatrais distinguídas primeiramente o cuadro de decramación da "Irmandade da Fala da Cruña" que ven etuando dende fai catro anos. O coro de Ferrol "Toxos e frores", e o da Cruña "Cántigas da Terra" fixeron dúas grandes festas galegas. En algúns xornás véñense publicando traballos en galego, guiando á cabeza o diario de Ourense "La Zarpa", no que veñen colaborando moitos nacionalistas. Os artistas Castelao, Imeldó Corral et. Francisco Lamas, fixeron exposicións das súas obras e con este motivo déronse conferencias por varios nacionalistas. Fíxéronse tamén algúns mítins de propaxanda e ademais síguense publicando as revistas "Nós", de Ourense, e A NOSA TERRA, da Cruña.

Como se ollará, temos motivos de abondo para estarmos satisfeitos e orgullosos, pois non se pode facer máis en tan pouco tempo e ogallá poidamos rematar o an tan ben como o emenzamos. De seguirmos así podemos asegurar que conquistaremos o trunfo arelado, o da redención da Patria, en menos tempo do que moitos pensan. E conquistáremolo pois é moito o entusiasmo patriótico que nos alumea.

¡Adiante que imos polo bon camiño! ¡Terra a Nosa!

O movemento galeguista

Novas recibidas de terras de Galicia fan-nos coñecer a crecente actividade galeguista. Aquel movemento nacionalista ten hoxe unha forza extraordinaria e os recentes actos de Compostela, onde o ex-ministro Leonardo Rodríguez pronunciou un axeitado discurso, dou-nos unha nova demostración. As valentes mocedades manteñen o lume sacro nas beneméritas Irmandades da Fala. O boletín *A Nosa Terra*, lareira de idealidade, recolle os cantos dos poetas e o pensamento dos políticos que laboran a nova Galicia, a Galicia libre do porvir. Xurde en todas as consciencias o crer da Aurora. E convén recordar que ningún movemento nacionalista, unha vez comenzado, deixou a seu camiño cara ao futuro.

Cataluña non pode mirar con indiferencia ningún movemento nacionalista peninsular. Precisamente todas as nosas desgracias proveñen de ter imposta dende Madrid unha concepción unitaria e castelán da Hespaña. O día que acorden do seu sono as conveniencias na unión de todos os pobos peninsulares, será preciso revisar o concepto da Hespaña; o día que a Hespaña deixé de ser a expresión e a concreción política de Castela, da nación castelá, polo futuro fato vivo dos pobos peninsulares, o problema catalán conqueriría automaticamente a súa propia solución normal.

É polo mesmo que Cataluña ten de ver con agarimo estes movementos nacionalistas. O noso pleito non ten a simplicidade d'un nacionalismo afogado por unha nación conqueridora. É máis complexo. Pois cara a nós non hai tan só unha nación dominadora. Hai un Estado que domina sobre diversas nacionalidades, cuxo nome apropiase. Pero este Estado unitario que fala no nome da Hespaña fai sobre os demais pobos peninsulares, a mesma presión que sobre nós mesmos. E estes pobos teñen o mesmo intrínseco esencial que nós por conquerir a súa liberdade.

Recebimos pois con ledicia e de corazón estas novas que nos chegan hoxe de terras de Galicia e, sin dar a súa eficacia actual unha importancia esaxerada, coídamos que poden abrir n-un porvir non moi lonxano perspectivas halagadoras ás realidades nacionalistas.

(De «La Veu de Catalunya.»)

Tomás R. Sabio

Según un cablegrama que temos recibido, nos primeiros días do mes de Xulio chegará á Cruña o noso querido irmán Tomás R. Sabio.

O irmán Sabio que é un dos rapaces que levan no corazón o sagro ideal nacionalista retorna á terra despois de dous anos de residencia na Habana, onde dende a súa chegada hasta o seu regreso ven facendo unha enorme labor de espallamento do noso idearium.

Pola súa iniciativa e polo seu esforzo conqueriu organizar e encauzar a xuntanza nacionalista de Cuba na que se atoparon xa moitos e moi bós nacionalistas e que áchase hoxe n'un gran apoxeo. Tamén veu escribindo no noso idioma en varias revistas d'aquela illa. A él principalmente débese que o nacionalismo teña xá ferventes adeptos entre os galegos de Cuba.

Con fonda ledicia recibimos esta nova e apreixamos ao querido irmán que na Terra igual que o ven facendo aló seguirá loitando polo-a redención da Terra escravizada.

Cando iba entrar este número en máquina, tivemos a ledicia de darlle a aperta de arribada, a o noso querido irmán chegado no vapor correo «Alfonso XIII».

O coro «DE RUADA», EN TUY

O siñore Bispo empregou o galego para saudar aos rapaces de Ourense

Da chegada, recibimento e agasallos de que foi ouxelo o coro «De Ruada», en Tuy, así como das visitas e do patriótico festival levado a termo polo-a dita agrupación naquela cidade, todos os xornas da rexión faláron do éxito conquerido polo-os ourensanos, e de o facer nós agora, fariámolo a des-tempo.

Ao que así estamos fondamente obrigados, é a dar conta do viaxe do coro a Tuy, e a dedicar polo-a labor galega que veñen facendo, o máis fermoso pensamento do noso querer á Terra.

Mais nesta festa leda e enxebre de que testigo foi a cidade tudense, hai que recoller un feito sublime, un feito nobre, un feito patriótico.

É hai que pronuncial-o nome do autor do feito, facelo tremal-os labres como ao decir polo-o baixo unha oración: Manuel Lago González, bispo de Tuy.

Este gran galego do que se fala que será nomeado Vicario Apostólico do pazo arzobispal de Santiago, dempois de puir unhas cántigas que lle dedicaron os rapaces do coro, dirixéulles unhas verbas fondas e sentidas, no máis puro lingoaxe galego.

Falóulles das nosas eisceitas virtudes características da raza, de como aínda alexados da Terra. Mal loitamos por conqueril-o trunfo, que ás ocasións, portamos, cando todos nos xuzgaban derrotados ou mortos. E así nos sintetizou: amantes da patria, traballadores sofridos, crêntes...

En Galicia estamos carentes de homes como o ilustre bispo de Tuy, i elo obríganos a confesare que diante de feitos coma o asinalado, sentimos unha eistrana emoción misturada de ledicia e tristura, sentindo tolos degoros de sorrir ao pensar na Terra, e tristes degoros de chorar ao pensar en nós.

¡Que El pague ao noso hó bispo galego o ben que nos fai...

O consello da Irmandade enviou, con este motivo, ao Prelado tudense, o seguinte telegrama de agarimo:

«Manoel Lago Gonzalez bispo de Tuy.—Irmandade Fala da Cruña, saúda-o agarimosamente e agradécelle a xentileza de falar no idioma santo da Terra ao coro «De Ruada» dando exemplo de enxebriño.—Conselleiro: Varela.»

De Valencia

A Diputación provincial de Valencia a proposta de catro deputados acordou por unanimidade a cooficialidade dos idiomas valencian e castelán o mesmo para as deliberacións que para as actas e documentos daquela entidade.

Como decimos, o acordo foi tomado por unanimidade e a ningún deputado ocorrúselo votar en contra, alegando que o tal acordo é antipatriótico e atentativo á unidade hespañola e eso que podémolo asegurar, non son nacionalistas todos os que forman a Diputación. Son valencians e esto abonda.

En troques na Galicia; a boa hora se lle ocorre facer unha proposición semellante a ningún dos diputadiños que por acó nos gastamos!

¡Sempre o exemplo hanos de vir de fora!

LETRAS IRMANS

O BAILADO

O luar e o sol, a vida e a morte, o BOIS e o LOUVRE!

Eu prefiro a vida. Fico-me à janela, a ver o meu vizinho bater sola e a ouvir cantar um passaro na laranjeira do quintal. Que intimidade entre aquel ruido e aquela harmonia. E' a coexistencia de Deus e Satán.

Prefiro a vida. A vida é feita de contrastes.

A vida é variedade, mostrando mil facetas acendidas na escuridão monolona das cousas.

O variar deleita, dizia Horacio, porque viver é variar; é re-lascar.

Eu renasço com o sol. Todos os dias unha nova paisagem me aparece.

A vida é variedade, loucura, um incendio multicolor, illuminando as concavidades do infinito, onde os Deuses, que eram de sombra, se vestem de claridades vivas e carnaes.

A vida é um incendio. As suas labarêdas são almas n'um frenético ballado. Dançam,—e os seus movimentos resplandecem; batem as palmas que se abraçam, e as suas canções reluzem como estrelas.

A vida é o fogo do lar, e a morte é a pedra da lareira.

O fogo é a carne de Deus, e a pedra é o esqueleto de Satán.

A carne cobre o esqueleto.

Todos os nossos actos visam a nossa conservação e destruição, por que nós somos a vida e a morte em conflicto, a revolta do Archanjo contra Deus. Somos a tragedia, o actor e o espectador; somos tres pessoas: a demoniaca, a divina e a outra... aquela que rabisca estas palavras e fala alto, quando vai só pelos caminhos. Já conhecemos os personagens d'algum modo, mas o espectador é uma figura quasi apagada e silenciosa numa plateia escura e deserta. É verdade que ele, ás vezes fala pelos cotovelos ou enche folhas e folhas de papel, quando lhe dá para començar a tragedia, exaltadamente com os poetas ou a sangue frio, como os sabios que são poetas abaixo de zero...

O que eu admiro em mim é este espectador que sou da minha pessoa, das nuvens e das estrelas... E não é anjo nem demonio... Admira Jesús Christo e Satam, esse outro Deus crucificado na cruz incandescente do seu riso, que é o seu proprio orgulho elevado ás temperaturas infernaes.

Assim o amor proprio se converte n'uma fogueira onde nos consumimos, como victima sacrificada á nossa pessoa (que tem pretensões a Divindade. O divino César Augusto!

Nero foi outro Deus!

Esse espectador não é anjo nem demonio e nada tem de humano. O homem e a Natureza passam, como visões, deante dos seus olhos contemplativos. Não é anjo nem demonio;—é ele misterioso e recondito, para além de tudo. É ele, o solitario espectador da nossa tragedia, n'uma grande plateia deserta, onde a noite estende as azas negras, orvalhadas d'um sangue vivo que dá luz.

Oh, noite estrelada! Oh, azas de Satam pingando lume!

Sim: É este espectador que eu admiro. O anjo bom e o demonio maldoso são figuras secundarias no meu ser; dois escravos agrilhoados ao Bem e ao Mal, baixando o ferro da grilheta, fatalistas e despreziveis.

O Bem, o Mal, a Justiça, a Libertade, eis ahí letras grandes abrindo palavras illusorias, porticos solenes de papelão rasgadas sobre o Nada. Comedias que enriquecem os empregados.

Filósofos, filántropos, apóstolos, incluindo o proprio S. Pedro, foge deles, caro leitor! É a peor gente que ha no mundo! Comediantes do Eterno, saltimbancos do Divino.

Em nós, o espectador é tudo; em nós quer dizer, em certas pessoas... Quasi todos os homens são meros actores, burros de carga inconscientes, de orelhas caídas e lanzudas, trocando para o Abismo.

O orango aparece no homem, como um rosto vivo a travez de máscara defunta. Só algumas creaturas superiores encorajam o velho avó que se esconde no Passado, imensa e férva floresta de phantasmas.

E ha outras creaturas, mais raras, que se libertam do Anjo e do Demonio, transfiguradas no seu espectro contemplativo e sempiterno. São os poetas que se redimem no seu canto e sobem ás regiões do Extase, da Beatitude, da Inefavel Serenidade...

O que me seduz é esta figura extra-humana que se entranhou em mim, n'uma hora excepcional, para aplaudir ou reprovar as minhas ações e os meus pensamentos: sobre tudo os meus pensamento; porque as ações pouco valem. Não pecar por obras é fácil.

Não custa deixar de roubar ou de matar. Quem não é ladrão e assassino em pensamento?

A alma comete crimes que o corpo não se atreve a praticar.

A alma é a sombra que o corpo emite para dentro. Quer escondê-la. A sombra que projectamos sobre a terra é uma vaga figuração illusoria e inofensiva: a imagem d'um tigre n'um espelho.

O demonio, o macaco, a velha caricatura moldada em carne e sangue, é a sombra do anjo que fomos antes de ser e seremos depois de ser. Mas chega a hora em que uma TERCEIRA PESSOA nos vem completar e definir, a hora em que somos MAIS ALGUEM, a hora do segundo nascimento.

Para mim foi a hora em que a Saudade se me introduziu no coração. E nunca mais me abandonou. Foi n'uma tarde da minha infancia, velhinha tarde com os doirados já escuros, como o antigo altar de Nossa Senhora na igreja da minha freguezia. N'essa tarde, intimamente deslumbrado não sei porque tristeza, ignota imagem banhada em lágrimas que se illuminam nas trevas e me deixan ver um pouco para além d'este horizonte de nuvens e rochedos.

Para além? Eis ahí uma hipótese que deve lisongear a minha pessoa e mesmo a Creação...

O certo é que eu, n'essa tarde longinqua, adquiri a sensibilidade melindrosa, a que devo os maiores sofrimentos e alegrias e também (veja-se a outra face da medalha) este impudor que nos leva a apresentar em público a nossa alma conforme Deus a pôz no mundo—nua, completamente nua!

Oh alma, pobre Virgem como os poetas te maltratam!

Quem sabe? Tal vez gostes de aparecer pintada n'um painel ante os olhos da turba, esse estranho e grande animal de immensas caras. Ha damas subtis que se enamoram de qualquer bruto aventureiro.

Oh ruvesinha do mar atraída pelos fraguédos do M'rao!
Deixae cantar Camões! Thetis amava o Adamastor...

Essa tarde foi tudo para mim. O que tenho amado - sofrido, são reflexões d'esse crepúsculo, notas repercutidas, em ouro e sombra, atravez da minha existencia campesina, com órfãos pinheiros, vales penumbrosos e certas manhãs de sol em que os pássarinhos cantam não sei que alegria, que loucura!

Adquiri então aquelle ESTADO MUSICAL que me faz vibrar ao contacto das cousas; e, em mim, resôa o intimo canto que n'elas jaz adormecido... Esse canto voga espalhado e confuso em algúns (poucos) versos que escrevi. Ainda hoje, esses versos embalam o meu desgosto: a consciencia da morte aniquiladora ou o presentimento inquieto de outra vida.

TEIXEIRA DE PASCOAES.

O moimento a Curros

Parece que ao fin vai ser un feito a erección na Cruña do moimento ao gran poeta galego Curros Enríquez. A Academia Galega dirixeu-se xá ao Concello para que este asinala sitio onde se vai facer. Xá está asinalado e parécenos ben o escollido.

Pénsase tamén en que seia feito con granito galego e tamén estamos de acordo. Co que de ningunha maneira podemos estar conformes é conque sexa a Real Academia de Bellas Artes de San Fernando a que escoilla o proxecto do concurso que se vai facer. ¿A santo de qué?

O moimento é a un poeta galego, noso, e ¿qué méritos ten a tal Academia para que sexa ela a que designe cal ha de ser? De ningunha maneira debe ser así. Non vaia ser que nos figar un "churro" como tantos que xá temos. Hai na Galicia quen o poida facer e hai tamén quen poida decir cal e como debe facerse sin necesidade de recurrir aos de fora. Ademais si se fai concursó débese facer samente entre escultores galegos, xá que os temos tan bós como pode haber-los por ahí adiante.

¡Mais alá!

Vimos unhas follías impresas que nos enchen de ledicia. Nelas asegúrase que unha nova era de escintilante alborada vai chegar axiña para a nosa literatura.

Os que escribimos A NOSA TERRA somos humildísimos amadores, que poñemos todo o noso amor nos nosos cativos traballos, levados do bon desexo de servir a Terra, e procurando sempre guiarnos pol-o ideal que "coñabamos" alapreante nos escritos dos precusores. Pol-o visto Rosalía, Curros, Pondal, etc., etc., non fixeron nada, perderon o tempo como uns coitados, ao dicir dos firmantes da follía de referencia.

Agardemos pois eses extraordinarísimos traballos, que serán "únigos", para gloria da Literatura Galega.

¡Ah! Pero debemos advertir que o xenio non consiste en dicir "devanceiros", "espentago", "vountade", "cabezas fozas", etc., etc., nin en botar por terra d'unha prumada o preséxio dos mestres da nosa fala, que as reputaciós fainas o público coñoscente con fundamento.

Mais, veñan esas obras, e despois... xa falaremos.

Unha compañía extranxeira honora a Galicia

Referímo-nos á compañía alemá HAMBURG-SUDAMERICANISCHE. En pouco tempo que foi posta esta compañía de vapores correios á América do Sul, honraron á nosa Terra, dando-lle aos novos barcos, nomes dos principais portos galegos; así teñen xa os correios "La Coruña", o "Villagarcía" e "Vigo."

Hoxe unha nova enche-nos de ledicia. A compañía que así honraba a Galicia dándolle nome dos nosos portos aos novos trasatlánticos.

Ter un novo correio ao que puxeron por nome GALICIA. Este barco fará o primeiro viaxe aos portos do Brasil e da América do Sul, saíndo do porto da Cruña o día 10 de Xulio. Moito agradecemos o alto honore que fan á nosa Patria, e agardamos que sexa imitado este feito.

TEATRO GALEGO

OS ENSAIOS

VII

É frecuente entre os aficionados o iren adprendendo o seu papel a forza de ouvir o apuntador nos ensaios, e de tal xeito non é posíbre facer cousa de proveito. Cando se dá co-menzo aos ensaios, cada actor deberá ter xa estudado o seu papel, e imaxinado, como dixemos (III) os ademáns, inflexiós de voz, nunha palabra: a "caraterización" do personaxe que deba representar.

Nos ensaios o actor debe ir afianzándose no "tipo", poñendo en práctica todo o que concebiu durante o estudo do seu papel; modificándoo e correxindo aquilo que non diga ben co carácter do personaxe ou co xénero da obra, e aperfeizoando a propia creación coas observaciós e consellos do director da escena.

O director ha de estar presente en todos os ensaios para xusgar o traballo de cada actor, modificalo con arreglo ao mellor servizo da obra, e armonizalo cós demais personaxes para facer un conxunto igual, que dé a sensaciós da realidade inda que, repetimos, sometida as leis da arte. O director é tamén quen fará a distribución escénica, marcando á cada figura o lugar que debe ocupar, pasadas, etc.

O principal oxeto dos ensaios é, pois, armonizar o conxunto da labor que cada actor execute e organizar con toda propiedade o xogo de escena.

Mr. Jacques Copeau, director do moderno e notabre teatro parisién "Le Vieux Colombier", dixo ao falar das causas da súa celebridade cada vez maor: "A arte do teatro é unha das mais completas, senon a mais completa, a mais brillante, a mais eficaz, baixo todos os puntos de vista, das manifestaciós do inxenio; e nunha realización teatral o que conta ante todo e por riba de todo é a mesma obra; importa, pois, feita a eleición d'esta, que a interpretación, decorado, traxes, e todos os recursos da "mise en scene", todo, nunha palabra, debe ser subordinado á obra e posto en acciós para servirla con fidelidade e celo".

O espectáculo teatral debe ser capaz de enganar o público, de suxestionalo, de xeito que lle faga sentir a dor, a emoción, o amor, ou a ledicia dos seus héroes. O lograr esto é cousa difícil, e para intentalo, para chegar ao conseguir, é

preciso estudar, ensaiar moito as obras, denantes de as representar en público.

Conferme vaian adiantando os ensaios, e sabéndose mellor os papés, os actores deben poñer máis atención aínda no seu labor para iren pulindo e aperfeizoando todol-os pequenos detalles: as cousas máis insinificantes en aparencia son as que máis contribuen para o éxito final de cada personaxa, e pol-o tanto do conxunto da obra.

Unha vez que a peza ensaiada está sabida, e os actores que xogan nela coñocen perfectamente os seus movementos en escena, entradas e saídas, xestos e actitudes, tonalidade e expresión dos recitados, débese facer un "ensaio xeneral", tal e como se estiveran diante do público no día da representación, co fin de que os actores se familiaricen, se afagan, ao decorado, traxes, etc., e poida correxirse aínda para o día da recita calquera detalle imprevisito.

Ramón ALVARINO.

LECTURAS

ALBORADA

Temos recibido o número dous d'esta interesante publicación galeguista de Pontevedra.

Este novo volume contén a lenda CAMINANTES e o conto AMANECER dos que é autor o noso querido irmán o catedrático do Instituto de Pontevedra Anxón Losada Diéguez. A portada é debida ao noso gran Castelao.

EL CRIT DE LA MUNTANYA

Estamos recibindo decote, novas publicacións nacionalistas de terras de levante. Novamente recibimos o número catro da folla mensual valencianista agraria que como todas elas, ven plena de intrín. "Les lleis dels Valencians" e "III aplec de cultarís nacionalistes a Sant Antoni de Bechl" fan ver que urde o espírito nacionalista nas terras que queren ser libres.

LA REVISTA (Barcelona) números 159 e 160

Esta notable publicación quincenal, publica EL SANT JOR-

BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES ASOCIACION de BENEFICENCIA

Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra
A CRUÑA

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: D. R. G. Alegre

Juana de Vega, 35

DI D'EN GANYELLAS, por R. Rucabado. UNA COLLECCIO CLASICA: (La "Fundació Bernat Meige), por Cristófor de Doménech. EUROPA, AMERICA, ORIENT: "Fets i idealismes", por R. Gay de Montellá. APORTACIONES (do libro "Evolución da poesía catalana), por Joan Arús. POESIA CATALANA: "Els madrigals de Fil·lis e Dartée. LA CANÇO TRISTA, por Ricard Permanyer "Sota l'ombra d'una albreda", por Joan Malagarriga. Lírica italiana: "Esfore inútil", "Desconhort", "Danza definitiva de l'ànima lleu en l'èter" Anhels, de Cesario Giardini", traducido por Joan Malagarriga. "Els llibres" "Les Revistes."

CÉLTIGA

Está posto á venda o número catro d'esta interesante publicación con unha notable novela curta do noso querido irmán o poeta de Mugía, Gonzalo López Abente que leva por título O NOSO XUWZ. Vai ilustrada a portada pol-o pintor e dibuxante do Ferról Valentín Castro.

Anuncia CELTIGA que para moi axiña publicará a moi leubada obra de Fernández Mato titulada HEROICA COBAR-DIA, que pol-o mesmo será publicada en idioma galego, antes que en castelán.

No número cinco publicará CELTIGA dous graciosos "Parrafeos" dos locutentes escritores nosos queridos irmáns Charlón e Hermida, autores do popularísimo MAL DE MOITOS e TRATO A CEGAS. Ilustrará o quinto número, o dibuxante cruñés Alvaro Cebreiro.

No próisimo número seguiremos publicando as conferencias do noso querido irmán o malogrado Luís Porteiro Garea

Lea vostede o próximo número de A NOSA TERRA

Tip. EL NOROESTE.—Real, 26.

Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña e Vigo

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros

Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

“Patente-Salvavidas“

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA ——— PAPELERÍA
IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— **A CRUNA** —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimentos da súa cras que mais honran a Gali-
cia. Montada coo arrego aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

“La Encajera Española“

Fábrica de encaixes de fio
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43 - Teléfono 256

A CRUÑA

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Lino Pérez Mariñas

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Os millores viños de Xerez
son os de

Marín e Cintado

dirixirse ao representante para Galicia:
Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

“LA SANTIAGUESA“

Gran Hospedaxe de **GUZMAN**

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - **A CRUÑA**

Casa situada no mais céntrico da poboación
con habitacións independentes. Preto das ad-
ministracións dos coches ao ferrocarril
e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encárgos de fora, e espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvasse manifestarnos seus desexos de mandar os seus encárgos.

Os viños e coñás millores
os que exporta a casa PEDRO DOMECCO de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto
de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)
Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso - A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (ineruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA
e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano.	4	"	"
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

BANCO HISPANO-AMERICANO

==== MADRID =====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todel-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	á vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a 6 id.
3	por	100	id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran-velocidade ——— Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Flandre 23 de Julio

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA VERACRUZ	
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	»	1.109	1.200
Preferencia	»	950	1.000
TERCEIRA CRAS.	»	559	600

A estos precios hai que añadir os impostos
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPAGNIA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Líña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3. ^a cras
25 de Julio	LIPARI (nuevo)	339'60 pesetas.
19 de Agosto	BELLE ISLE	339'60 »

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. Ptas.			1.315		1.565	1.693
En segunda crase. »			1.610		1.610	1.610
En segunda intermedia . . . »			575		575	575

Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA

Telegramas "Chargeurs"

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Vapor correo rápido **ZEELANDIA** 8 de Julio

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 350** más impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.
PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario Marina, 22 - A CRUÑA